



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Neda (Plan PREMADECOR)

ANUNCIO

ASUNTO: Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Neda (Plan PREMADECOR)

Expediente: 2022/A006/0000001

O 07.11.2022, o Pleno do Concello de Neda aprobou a “Adhesión ao Plan xeral de prevención de riscos e de medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR).

O 02.12.2022, no BOP núm. 229, a Deputación Provincial da Coruña publicou o seu anuncio de “Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Neda (Plan PREMADECOR), segundo o acordo adoptado na súa sesión plenaria do 25.11.2022.

De acordo co previsto no artigo 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE 80, do 03.04.1985), procédese a publicación do acordo plenario e das bases do Plan PREMADECOR do Concello de Neda do 07.11.2022 anteriormente indicado para o seu xeral coñecemento e infórmase de que o devandito acordo estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, que copiado di:

.../...

Tendo en conta todo o anterior e de conformidade co establecido nos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), proponse ao Pleno, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Deleгарlle á Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.

2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.

3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delégante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

Neda, 5 de decembro de 2022, asinado dixitalmente polo alcalde, Ángel Alvariño Saavedra.

2022/7712